

## *Segunda Lembraza*

R. YÁÑEZ

VI

O silencio vertical do ambiente  
conflúe  
coa luz azul.

Unha dulce desesperación  
murcha  
as acacias floridas.

Outro día pasa e non  
sabemos en favor de que,  
tamén hoxe algúen perde.

Un olvido verde  
da coherencia ás loucuras doutra época.

VIII  
*Verán*

Alborea o sol.  
Canda a túa mirada  
axiña,  
mostras a loita.

Vives  
con ledicia, porque quizais  
pretendas  
un tempo con xoguetes novos.

X  
*Inverno*

Ponse o sol.  
Sobre o teu senlleiro anonimato  
pasenifo,  
constrúes anacos de ninguén.

Queimas  
con lume a dor, porque quizais  
xa non seña  
tempo dun amor alevoso.